

Enquisa de poboación activa. Terceiro trimestre de 2009

NOTA DE PRENSA

No terceiro trimestre de 2009 a taxa de paro sitúase no 12,4%

A Enquisa de poboación activa (EPA) é unha investigación por mostraxe, continua e dirixida ás vivendas familiares que o Instituto Nacional de Estadística (INE) realiza desde 1964. En xullo de 2008 firmouse un convenio de colaboración entre o INE e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para a duplicación da mostra da EPA no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. O obxectivo da ampliación da mostra é permitir a análise da poboación en relación coa actividade económica cunha maior desagregación do que se viña facendo ata o momento.

Como resultado deste convenio, a partir do terceiro trimestre de 2009 incorpórase a mostra adicional recollida polo IGE (234 seccións) utilizando idéntica metodoloxía e o mesmo sistema de traballo de campo que o INE.

Activos

No terceiro trimestre de 2009 a poboación galega de 16 ou máis anos é de 2.385.300 persoas, das cales 1.313.300 clasifícanse como activas, o que sitúa a taxa de actividade no 55,1%. Con respecto ao trimestre anterior, o número de activos diminúe en 4.400 persoas o que trae consigo unha redución dunha décima na taxa de actividade.

Con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, o número de activos diminúe en 13.600 persoas e a taxa de actividade baixa medio punto.

Poboación de 16 ou máis anos segundo a relación coa actividade económica. Galicia. Terceiro trimestre de 2009

Miles de persoas e porcentaxes

	Dato do trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (miles de persoas)	Relativa (%)	Absoluta (miles de persoas)	Relativa (%)
Poboación de 16 ou máis anos	2.385,3	-0,8	0,0	-3,0	-0,1
Activos	1.313,3	-4,4	-0,3	-13,6	-1,0
Ocupados	1.151,1	3,7	0,3	-63,4	-5,2
Parados	162,2	-8,2	-4,8	49,8	44,3
Inactivos	1.072,0	3,6	0,3	10,6	1,0

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Por sexo, a taxa de actividade masculina aumenta tres décimas con respecto ao segundo trimestre de 2009 e sitúase no 62,5%. Pola súa banda, a taxa de actividade feminina diminúe 6 décimas ata acadar o 48,2%.

Poboación activa e taxas de actividade segundo o sexo. Galicia. Terceiro trimestre de 2009

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Poboación activa					
Total	1.313,3	-4,4	-0,3	-13,6	-1,0
Homes	712,7	3,2	0,5	-15,7	-2,2
Mulleres	600,5	-7,7	-1,3	2,0	0,3
Taxa de actividade					
Total	55,1	-0,1	-	-0,5	-
Homes	62,5	0,3	-	-1,3	-
Mulleres	48,2	-0,6	-	0,2	-

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Ocupados

A ocupación sobe en 3.700 persoas no trimestre ata situarse nos 1.151.100 ocupados. A taxa de ocupación aumenta 2 décimas no terceiro trimestre de 2009 con respecto ao trimestre anterior.

Nos últimos doce meses o número de ocupados diminúe en 63.400 persoas o que supón unha redución do 5,2% do número de ocupados nun ano.

Por sexo, neste trimestre prodúcese unha baixada no número de mulleres ocupadas (4.400 menos que no trimestre anterior) e un incremento no número de homes (8.100 máis). Ao permanecer estable a poboación total de 16 ou máis anos, isto tradúcese nun incremento de 7 décimas na taxa de ocupación masculina e unha redución de tres décimas na feminina.

Non obstante, con respecto ao terceiro trimestre de 2008, o número de homes ocupados descende en 46.900 persoas e o de mulleres ocupadas en 16.500. En termos relativos, isto supón unha diminución interanual do 6,9% e 3,1% respectivamente.

Poboación ocupada e taxas de ocupación segundo o sexo. Galicia. Terceiro trimestre de 2009

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Poboación ocupada					
Total	1.151,1	3,7	0,3	-63,4	-5,2
Homes	630,6	8,1	1,3	-46,9	-6,9
Mulleres	520,5	-4,4	-0,8	-16,5	-3,1
Taxa de ocupación					
Total	48,3	0,2	-	-2,6	-
Homes	55,3	0,7	-	-4,1	-
Mulleres	41,8	-0,3	-	-1,2	-

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Atendendo aos sectores de actividade económica (segundo a CNAE2009), o número de ocupados nos servizos aumenta en 8.200 persoas no trimestre, e sitúase en 751.600. Os ocupados na construción aumentan en 4.100 persoas ata os 118.800. A industria perdeu 8.700 ocupados no terceiro trimestre e ocupa a un total de 188.100 traballadores. A agricultura e pesca permanece estable.

Con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, o número de ocupados na industria cae un 12,8%, na construción un 9,6%, na agricultura e pesca un 7% e no sector servizos un 2,1%.

Poboación ocupada segundo sectores de actividade. Galicia. Terceiro trimestre de 2009

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Total	1.151,1	3,7	0,3	-63,4	-5,2
Agricultura e pesca	92,7	0,2	0,2	-7,0	-7,0
Industria	188,1	-8,7	-4,4	-27,5	-12,8
Construción	118,8	4,1	3,6	-12,6	-9,6
Servizos	751,6	8,2	1,1	-16,2	-2,1

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Asalariados

En Galicia hai 904.100 asalariados no terceiro trimestre de 2009, 656.100 con contrato indefinido e os 248.000 restantes con contrato temporal. Con respecto ao trimestre anterior hai 11.400 asalariados máis, suba que se debe ao incremento do número de asalariados con

contrato temporal (14.000). Porén, con respecto ao terceiro trimestre do ano anterior, incrementábase o número de asalariados con contrato indefinido (17.400 asalariados) e descende o de asalariados con contrato temporal (48.200).

A taxa de temporalidade, calculada como a porcentaxe de asalariados con contrato temporal sobre o total de asalariados, sobe 1,2 puntos neste trimestre e chega ao 27,4%.

Poboación asalariada segundo tipo de contrato e taxa de temporalidade. Galicia. Terceiro trimestre de 2009

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Poboación asalariada					
Total	904,1	11,4	1,3	-30,8	-3,3
Contrato indefinido	656,1	-2,5	-0,4	17,4	2,7
Contrato temporal	248,0	14,0	6,0	-48,2	-16,3
Taxa de temporalidade	27,4	1,2	-	-4,3	-

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Parados

No terceiro trimestre de 2009 Galicia conta con 162.200 parados, 8.200 menos que no trimestre anterior. En termos relativos isto supón unha diminución do 4,8%. A taxa de paro baixa 5 décimas e sitúase no 12,4%.

Con respecto ao terceiro trimestre do ano 2008, o número de parados aumenta en 49.800 persoas (un 44,3%) e a taxa de paro 3,9 puntos.

Este trimestre o paro baixa máis entre os homes (5.000 parados menos) que entre as mulleres (3.200). O número total de homes parados é de 82.100 e o de mulleres 80.100. A taxa de paro masculina decrece 8 décimas e sitúase no 11,5% e a feminina 4 décimas ata o 13,3%.

No tocante a variación interanual, o número de parados incrementábase en 31.200 persoas entre os homes (un 61,3% máis) e 18.500 entre as mulleres (un 30% máis).

Poboación parada e taxas de paro segundo o sexo. Galicia. Terceiro trimestre de 2009

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Poboación parada					
Total	162,2	-8,2	-4,8	49,8	44,3
Homes	82,1	-5,0	-5,7	31,2	61,3
Mulleres	80,1	-3,2	-3,8	18,5	30,0
Taxa de paro					
Total	12,4	-0,5	-	3,9	-
Homes	11,5	-0,8	-	4,5	-
Mulleres	13,3	-0,4	-	3,0	-

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Atendendo aos grupos de idade, no terceiro trimestre de 2009 os parados baixan no grupo de 25 a 54 anos (12.400 parados menos que no trimestre anterior). Entre os mozos de 16 a 24 anos, o número de parados aumentou en 2.100 persoas e entre a poboación de 55 ou máis anos en 2.000 persoas.

Poboación parada segundo a idade. Galicia. Terceiro trimestre de 2009

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Total	162,2	-8,2	-4,8	49,8	44,3
De 16 a 24 anos	35,7	2,1	6,3	7,7	27,5
De 25 a 54 anos	112,6	-12,4	-9,9	35,6	46,2
De 55 ou máis anos	13,8	2,0	16,9	6,4	86,5

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Información provincial

Poboación segundo a relación coa actividade económica e taxas de actividade, ocupación e paro. Galicia e provincias. Terceiro trimestre de 2009

Miles de persoas e porcentaxes

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Poboación de 16 ou máis anos	2.385,3	980,7	307,7	288,4	808,5
Activos	1.313,3	560,7	154,9	131,7	465,9
Ocupados	1.151,1	497,4	142,2	116,6	394,9
Parados	162,2	63,4	12,7	15,1	71,0
Inactivos	1.072,0	420,0	152,7	156,6	342,7
Taxa de actividade	55,1	57,2	50,4	45,7	57,6
Taxa de ocupación	48,3	50,7	46,2	40,4	48,8
Taxa de paro	12,4	11,3	8,2	11,5	15,2

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Pódese consultar a metodoloxía desta estatística en:

<http://www.ige.eu/web/Controlador?operacion=mostrarmetodologias&tema=1020&actividad=9&idioma=ga>

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>